



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Afeccións medicocirúrxicas

Materia	Afeccións medicocirúrxicas			
Código	P05G170V01201			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1º	2C
Lingua de impartición				
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde			
Coordinador/a	Cebrian Perez, Ernesto Manuel			
Profesorado	Amigo Jorrin, Maria del Campo Cebrian Perez, Ernesto Manuel			
Correo-e	ecebrian@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

### Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer e comprender a morfoloxía, a fisioloxía, a patoloxía e a conduta das persoas, tanto sas coma enfermas, no medio natural e social.
A3	Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita, a aplicar na clínica para a reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.
A4	Adquirir a experiencia clínica axeitada que proporcione habilidades intelectuais e destrezas técnicas e manuais; que facilite a incorporación de valores éticos e profesionais; e que desenvolva a capacidade de integración dos coñecementos adquiridos.
A5	Valorar o estado funcional do paciente, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.
A6	Valoración diagnóstica de coidados de fisioterapia segundo as normas e cos instrumentos de validación recoñecidos internacionalmente.
A8	Executar, dirixir e coordinar o plan de intervención de fisioterapia, utilizando as ferramentas terapéuticas propias e atendendo á individualidade do usuario.
A11	Proporcionarlles unha atención de fisioterapia eficaz, outorgando unha asistencia integral aos pacientes.
A12	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.
A13	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais.
A14	Incorporar os principios éticos e legais da profesión na práctica profesional así como integrar os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.
A15	Participar na elaboración de protocolos asistenciais de fisioterapia baseada na evidencia científica.
A16	Levar a cabo as intervencións fisioterapéuticas baseándose na atención integral da saúde que supón a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial.
A17	Comprender a importancia de actualizar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que integran as competencias profesionais do fisioterapeuta.
B1	Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B3	Capacidade de organización e planificación.
B4	Capacidade de xestión da información
B5	Resolución de problemas
B6	Toma de decisións
B9	Compromiso ético
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Razoamento crítico
B15	Aprendizaxe autónoma

B16	Motivación por a calidade.
B17	Adaptación a novas situacións
B29	Axustarse aos límites da súa competencia profesional

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
14D Coñecer e comprender os conceptos de exploración física, valoración, diagnóstico e prognóstico; as bases teóricas das valoracións, test e comprobacións funcionais, a avaliación científica da súa utilidade e efectividade, así como as etapas e recursos do proceso de intervención de fisioterapia.	A6	
15D Coñecer e comprender os aspectos xerais da patoloxía de etioloxía endóxena e exóxena relacionada coa fisioterapia de todos os aparatos e sistemas cos seus tratamentos médicos, cirúrxicos, fisioterapéuticos e ortopédicos.	A1 A3	
16D Coñecer as teorías que sustentan a capacidade de resolución dos problemas de saúde e as bases do razoamento clínico.	A3	
2P Valorar o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.	A4 A5	
5P7 Establecer e aplicar o tratamento en grupos a usuarios con problemas similares.	A4 A8	
5P9 Previr e evitar os riscos na aplicación do tratamento.	A4 A8	
9P Intervir nos ámbitos de promoción da saúde e prevención da enfermidade.	A4 A11 A12 A16	
12P Incorporar a investigación científica e a práctica baseada na evidencia como cultura profesional.	A4 A15	
16P Afrontar o estrés , o que supón ter capacidade para controlarse a si mesmo e controlar o ámbito en situacións de tensión.	A4	
1A Traballar con responsabilidade.	A17	
2A Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora.	A17	
3A Manifestar respecto, valoración e sensibilidade ante o traballo dos demais. Axustarse ás limitacións da súa competencia profesional, no ámbito da atención ao enfermo. Utilizar aspectos básicos do método de investigación científica.	A13	
7A Axustarse aos límites da súa competencia profesional.	A14	B29
1TI Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.		B1
2TI Capacidade de análise e síntese.		B2
3TI Capacidade de organización e planificación.		B3
4TI Capacidade de xestión da información.		B4
5TI Resolución de problemas.		B5
6TI Toma de decisións.		B6
1TP Compromiso ético.		B9
3TP Habilidades nas relacións interpersoais.		B11
4TP Razoamento crítico.		B12
1TS Aprendizaxe autónoma.		B15
2TS Motivación por a calidade.		B16
3TS Adaptación a novas situacións.		B17

### Contidos

Tema

## ENFERMIDADES MÉDICAS.

Enfermidades reumáticas, enfermidades infecciosas, enfermidades renais, enfermidades endocrinolóxicas e metabólicas. Enfermidades do sangue.

## SEMINARIOS PRÁCTICOS.

Anamnese e exploración en reumatoloxía. Parte I: anamnese e exploración en reumatoloxía. Parte II reumatismo de partes brandas: o fenómeno fibromiáxico. Técnicas de imaxe en reumatoloxía. Parte I: técnicas de imaxe en reumatoloxía. Parte II: outras técnicas de estudo do paciente reumatolóxico. Estudo de casos clínicos reumatolóxicos. Estudo interactivo de casos clínicos en enfermidades infecciosas, gastrointestinais e de transmisión sexual. Estudo interactivo de casos clínicos en enfermidades infecciosas articulares, de ósos e pel. Estudo interactivo de casos clínicos en enfermidades infecciosas no diabético, por mordedela e por anaerobios. Estudo interactivo de casos clínicos en enfermidades infecciosas pulmonares extrahospitalarias e septicemias. Estudo interactivo de casos clínicos en enfermidades infecciosas dos espazos de colo, víricas e musculares. Estudo interactivo de casos clínicos en enfermidades infecciosas relacionadas coa SIDA. Estudo de casos clínicos de enfermidades renais. Estudo de casos clínicos de enfermidades metabólicas.

## ENFERMIDADES CIRÚRXCICAS.

Principios xerais da exploración do paciente cun problema ortopédico. Estudo e función dos nervios segmentarios e periféricos do membro superior. A columna cervical. O ombro. O cóbado. O pulso. A man. A columna torácica. A columna lumbar. Estudo e función dos nervios segmentarios e periféricos do membro inferior. A cadeira. O xeonllo. A morna. O nocello. O pé. Lesións máis frecuentes en Medicina deportiva.

## PRÁCTICAS.

Visión artroscópica normal do ombro. Cirurxía artroscópica do ombro. Cirurxía aberta do ombro. A man reumatoide. Cirurxía articular e tendinosa. Cirurxía funcional das deformidades. Transposición ligamentosa en extremidade superior. A columna cervical. Artrodese aberta anterior. A columna cervical. Abordaxe posterior. Cirurxía da escoliose. Patoloxía discal lumbar. Artroplastia de cadeira. Abordaxes anterior e lateral. Xesos funcionais de extremidade inferior. Cirurxía artroscópica do xeonllo. Cirurxía aberta de xeonllo. Lesións ligamentosas. Artroplastia do xeonllo. Revisión artroscópica do nocello normal e patolóxico. Cirurxía do pé reumatoide. Cirurxía do hallux valgus. Alongamento de extremidades.

Artrite reumatoide. Lupus eritematoso sistémico. Esclerose sistémica progresiva. Vasculite. Espondilite anquilosante. Arterite da temporal e polimialxia reumática. Artroses periféricas. Artrose vertebral. Febre reumática. Infeccións por xermes GRAM negativos. Infeccións por anaerobios. Tuberculose e lepra. Infeccións por espiroquetas. Infeccións por herpes virus. Outras infeccións víricas. Infeccións víricas da infancia. A síndrome de inmunodeficiencia adquirida. Insuficiencia renal aguda. Insuficiencia renal crónica. Enfermidades glomerulares. Enfermidades tubulo-intersticiais. Enfermidade vascular renal. Enfermidades da hipófise. Enfermidades do tiroide. Diabete. Trastornos eritrocitarios, leucocitarios e hemorráxico/ trombóticos.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos/análises de situacións	28	47	75
Sesión maxistral	48	97	145
Probas de resposta curta	2	0	2
Probas de tipo test	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Análise dun feito, problema ou caso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia.

## Atención personalizada

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Estudo de casos/análises de situacións	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de xeito directo e breve en función dos coñecementos que teñen sobre a materia.	30%
Sesión maxistral	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de xeito directo e breve en función dos coñecementos que teñen sobre a materia.	70%

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Esta materia consta de dúas unidades: unidade I: Afeccións cirúrxicas, e unidade II: afeccións médicas. A avaliación farase de cada unidade, sendo necesario aprobar as dúas para superar a materia.

Avaliación unidade I: afeccións cirúrxicas.

O exame teórico terá un valor do 35% da nota final. Constará de 100 preguntas con 4 opcións de respostas e só será válida unha contestación. As preguntas mal contestadas non restarán puntuación. Deberase conseguir o 60% do total da puntuación posible.

Estudo de casos: Valorarase o interese do alumno en relación coas preguntas e dúbidas expostas. O exame terá un valor do 15%.

Avaliación unidade II: afeccións médicas.

Terá lugar unha proba obxectiva ao final do curso académico. Na devandita proba nunca se puntuará negativo, pero non se permitirá deixar sen contestación efectiva máis do 25% das preguntas, tendo un valor do 35% da nota final. Nesa proba incluíranse preguntas referentes ao estudo de casos tendo un valor do 15% da nota final.

### Bibliografía. Fontes de información

Goodman CC, Syndert TK., **Patología Médica para fisioterapeutas.**, Ed. McGraw Hill. Interamericana.,  
Harrison., **Principios de Medicina Interna (Compendio)**, Ed. McGraw-Hill-Interamericana,  
Adams y Víctor, **Principios de Neurología.**, Ed. McGraw-Hill Interamericana.,  
Grupo de Trabajo de la SEPAR, **Guía clínica para el diagnóstico y tratamiento de la Enfermedad pulmonar obstructiva crónica.**, Ed. Doyma SL,  
Sleissenger and Fordtran., **Enfermedades gastrointestinales y hepática**, 6ed. Ed. Panamericana,  
Alonso Ruiz A, Alvaro-Gracia JM, Andreu Sánchez JL., **Manual SER de las Enfermedades Reumáticas**, 4 ed. Ed. Panamericana.,  
Mandell., **Principles and Practice of Infectious Diseases.**,  
Prof. J.L. Balibrea., **Tratado De Cirugía.**, Editorial Marban,  
Ronald McRae., **Examen Práctico De Las Lesiones Ortopédicas.**, Editorial McGraw-Hill-Interamericana,  
Prof. M.R. Serra, **Fisioterapia en Traumatología, Ortopedia y Reumatología**, Editorial Iberica S.A.,

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/P05G170V01101

Fisioloxía: Fisioloxía humana/P05G170V01103